



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



MUTUASPORT



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadecaza.com

FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadecaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevedra@federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
santiago@federaciongalegadecaza.com

XXVIII CAMPIONATO GALEGO MASCULINO E FEMININO DE CAZA DE ARCEAS XUNTA DE GALICIA

21 decembro 2024

Antas de Ulla | LUGO



**STOP
VIOLENCIA
XÉNERO**



Federación Galega
de Caza



MUTUASPORT



COMITÉ ORGANIZADOR

DON LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ

Presidente da Federación Galega de Caza.

DON FRANCISCO LÓPEZ PENELAS

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza de Lugo

DON JOSÉ MANUEL BLANCO CORDIDO

Presidente da Sociedade de Cazadores Santa Mariña

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Vicepresidente da Federación Galega de Caza

DIRECCIÓN DA PROBA

DON PEDRO MARTÍNEZ ÁNGEL

Delegado de Arceas da Federación Galega de Caza.

XURADO DE COMPETICIÓN

Formarano os Presidentes Provinciais da FGC, ou os Representantes dos Equipos Provinciais, mailo

Director da Competición.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Conforme á vixente Normativa da FGC participarán 21 concursantes (6 Coruña, 5 Lugo, 5 Ourense, 5 Pontevedra), previamente clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais, mailo Campión da edición anterior. Para as modalidades Feminina, a inscrición, será libre, o prazo de inscrición finaliza o 17 decembro de 2024.

As inscricións realizaranse na sede da Federación Galega de Caza, mediante as Actas dos correspondentes Campionatos Provinciais. E imprescindible acreditar no momento da inscrición do cazador o número de microchip do can. Tódolos participantes deberán inscribirse cun Xuíz e presentarse co mesmo xuíz co que se inscriben ó campionato (os xuíces deberán ser cazadores e reuni-las condicións físicas necesarias para acompañalo participante durante a competición). Nas competicións organizadas pola Federación Galega de Caza (Provincial, Autonómico, e Copa Galicia), os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímete por vítima.

***ADVERTENCIA:** A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.

REGULAMENTO

O Campionato Galego de Caza de Arceas rexerase polo actual Regulamento autonómico de Caza de Arceas da Federación Galega de Caza e Normas complementarias da Federación Galega de Caza, sendo necesario que tódolos participantes (concursantes e xuíces) estean en posesión da Licenza Federativa emitida pola FGC en vigor, e sendo a única peza a cazar a Arcea.

SORTEO XUICES E DORSAIS

O sorteo de xuíces e dorsais realizarase o día 18 de decembro as 10:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza.

PROGRAMA

DIA 21 DE DECEMBRO DE 2024

LUGAR

A competición desenvolverase dentro do Tecor nº LU-10034 “Santa Mariña” da Sociedade de cazadores Santa Mariña, no concello de Antas de Ulla (Lugo).

HORARIOS

07:30 horas.- Concentración na Praza Nova de Antas de Ulla, Rúa Chantada nº 12, en Antas de Ulla

08:00 horas.- Reparto de dorsais.

09:00 horas.- Comezo da competición.

15:00 horas.- Clausura da Competición e entrega de Premios na Casa Escola de Peibás, Lugar Peibás, 6, 27579 Antas de Ulla, Lugo (42°45'17.8"N 7°52'15.8"W).

O Comité organizador reservase o dereito a modificar o presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan